

II CONCURSO DE POESÍA EN GALEGO E I CONCURSO DE RELATO CURTO DE NOVAS XERACIÓNS DE GALICIA

BASES:

1. Poderán participar nos concursos todos aqueles autores (menores de 30 anos) que presenten as súas obras en lingua galega. Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos en toda a súa extensión, sen firma nin sinal algún que denuncie a súa procedencia.
2. O prazo de admisión de orixinais rematará o xoves 15 de maio de 2008 ás 20:00 horas.
3. A presentación de orixinais a concurso efectuarase en días laborais, en horario de 10:00 a 14:00 horas e de 17:00 a 20:00 horas (salvo sábados) na sede rexional de Novas Xeracións de Galicia, sita no edificio CNL, na Avenida Fernando Casas Novoa – Bloque 2, Baixo. CP. 15.781 de Santiago de Compostela (A Coruña). Tamén poderán ser remitidos por correo á mesma dirección, indicando no sobre *“Para o II Concurso de Poesía en galego de Novas Xeracións de Galicia”* ou *“Para o I Concurso de Relato Curto en galego de Novas Xeracións de Galicia”*, segundo corresponda, sempre que dita remisión se realice antes de finalizar o prazo indicado na base segunda.



4. Os poemas e relatos deberán ser orixinais e non estar editados por ningún procedemento impreso ou electrónico, que non foran premiados en calquera outro certame e que non estén presentados a ningún outro concurso antes de facerse público o fallo desta convocatoria. O autor acompañará un escrito firmado no que declare estes aspectos, indicando tamén que sobre esta obra non existe compromiso algún e que polo tanto posee todos os dereitos (Anexo II e Anexo III).
5. Os orixinais non irán firmados, debendo presentarse por quintuplicado (facendo constar no encabezamento o título escollido) e acompañados dun sobre cerrado, no exterior do cal se fará constar o título citado.
6. No interior do sobre depositarase o Anexo I e o Anexo II ou Anexo III (segundo corresponda) cubertos adecuadamente. Cando un mesmo autor presente varias obras distintas (sexan pezas poéticas ou colección de poemas ou relato curto), deberá seguir o mesmo procedemento para cada unha delas.
7. Cada autor poderá presentar unha peza poética, ou unha colección de poemas cuxa extensión non será inferior a catorce versos nin superior a cincuenta versos, en folios mecanografiados a dobre espazo por unha soa cara. No caso do relato curto, este non poderá sobrepasar as 10 carillas en folios mecanografiados a dobre espazo. O tema será de libre elección por parte do autor.



8. Unha vez finalizado o concurso e editadas as obras gañadoras, os traballos non seleccionados serán destruídos.
9. O concurso de poesía está dotado dun primeiro premio, consistente nun trofeo acreditativo mais unha cea para dous nun restaurante compostelán, e dun segundo premio, consistente nun trofeo acreditativo. Así mesmo tamén se fará entrega dun diploma acreditativo de finalistas ós 10 mellores traballos a xuízo do Xurado. O concurso de relato curto estará dotado dun primeiro premio, consistente nun trofeo acreditativo e dunha fin de semana para dous nun SPA, un segundo premio consistente nun trofeo acreditativo e dun MP3 e dun terceiro premio consistente nun trofeo acreditativo. Tamén se fará entrega dun diploma acreditativo de finalistas ós 10 mellores relatos a xuízo do Xurado.
10. Un Xurado, designado a tal efecto, formado por 5 membros, valorará os traballos presentados e emitirá o seu fallo o día 17 de maio de 2008, Día das Letras Galegas. A entrega de premios celebrarase tamén o 17 de maio de 2008, e será obrigatorio que os gañadores estén presentes no acto.
11. Novas Xeracións de Galicia estará facultada para editar un libro, se o considerase oportuno, cunha selección dos mellores traballos presentados a concurso, realizada polo Xurado encargado de emitir o fallo. En todo caso, tanto o traballo gañador coma o segundo clasificado, así coma os traballos finalistas na categoría de Poesía, coma o relato



gañador, o segundo e terceiro clasificados, así coma os traballos finalistas na categoría de Relato Curto, publicaranse na páxina web da organización convocante deste certame: <http://www.novasxeracions.com>
A participación no concurso implica a aceptación de que os traballos seleccionados polo Xurado se inclúan na mencionada edición, para a cal cada autor seleccionado deberá entregar o seu texto en soporte informático.

12. O fallo do Xurado será inapelable en todos os casos.

13. O Xurado poderá declarar deserto un ou varios dos premios cos que está dotado o concurso.

14. O Xurado poderá resolver aquelas situacións non contempladas nas presentes Bases, así coma as dudas que se plantexen sobre a súa interpretación.

15. O fallo do Xurado farase público o 17 de maio de 2008. Posteriormente farase público na páxina web da organización: <http://www.novasxeracions.com>

16. A participación neste concurso implica a íntegra aceptación das presentes Bases.



ANEXO I

NOME:

APELI DOS:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

FOTOCOPIA DO DNI :

| | |
|--|--|
| | |
|--|--|



Novas Xeracións de Galicia

Edificio CNL. Avda Fernando Casas Novoa –Bloque 2, Baixo
Santiago de Compostela (A Coruña)

Tel. 981-552-480 Fax: 981-573-190

<http://www.novasxeracions.com> – info@novasxeracions.com

ANEXO II

Eu, _____ con DNI nº _____
_____ certifico que o traballo co cal participo no "*I Concurso de Poesía en Galego de Novas Xeracións de Galicia*" baixo o título de _____, non foi premiado en outro certame e que non esta presentado a ningún outro concurso antes de facerse público o fallo do "*I Concurso de Poesía en Galego de Novas Xeracións de Galicia*", e acredito o carácter orixinal do mesmo.

Asinado:

Data:



ANEXO III

Eu, _____ con DNI nº _____
_____ certifico que o traballo co cal participo no
"I Concurso de Relato Curto en Galego de Novas Xeracións de Galicia" baixo o
título de _____, non foi
premiado en outro certame e que non esta presentado a ningún outro concurso
antes de facerse público o fallo do *"I Concurso de Relato Curto en Galego de
Novas Xeracións de Galicia"*, e acredito o carácter orixinal do mesmo.

Asinado:

Data:

